

RENDICIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2021.

Formada a Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2021 por parte da Intervención, a Presidencia, conforme dispón o artigo 212 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, rende a conta de referencia, que, xunto coas contas xerais da propia Deputación e demais organismos dela dependentes, unha vez as informe a Comisión Especial de Contas e expostas ó público e, de ser necesario, co informe definitivo e as alegacións, someteranse ó Pleno para a súa aprobación.

1. Réxime xurídico aplicable á Conta xeral.

- Artigos 208 a 212 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- Artigos 89 a 105 do R.d. 500/90, de 20 de abril.
- Regras 44 a 51 da Instrución de Contabilidade aprobada por Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro.

2. Contido da Conta Xeral de 2021.

2.1. Contas anuais.

2.1.1. Balance.

ACTIVO	
A) Activo no corrente	742.431.129,41
I. Inmobilizado intanxible	699.719,34
II. Inmobilizado material	737.391.423,31
III. Inversións inmobiliarias	312.900,00
VI. Inversións financeiras a longo prazo	4.027.086,76
B) Activo corrente	280.965.372,75
III. Debedores e outras contas a cobrar a curto prazo	90.087.694,07
V. Inversións financeiras a curto prazo	191.479,43
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	190.686.199,25
TOTAL ACTIVO (A+B)	1.023.396.502,16
PASIVO	
A) Patrimonio neto	899.723.869,18
I. Patrimonio	855.585.386,49
II. Patrimonio xerado	42.945.316,84
III. Axustes por cambios de valor	867.665,85
IV. Subvencións recibidas pendentes de imputación a resultados	325.500,00
B) Pasivo non corrente	17.235.566,08
II. Debedas a longo prazo	17.235.566,08
C) Pasivo corrente	106.437.066,90
II. Debedas a curto prazo	3.853.110,50
IV. Acredores e outras contas a pagar a curto prazo	102.583.956,40
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C)	1.023.396.502,16



2.1.2. Conta de Resultados Económico - Patrimonial.

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	
1. Ingresos tributarios e urbanísticos	36.922.182,96
2. Transferencias e subvencións recibidas	131.321.973,44
3. Ventas e prestacións de servizos	1.117.238,06
4. Var. de exist. de produtos term. e en curso de fabricación e det. de valor	-3.389.915,56
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	735.070,05
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+6+7)	166.706.548,95
8. Gastos de persoal	-42.498.381,26
9. Transferencias e subvencións concedidas	-65.691.400,55
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-28.476.623,91
12. Amortización do inmovilizado	-7.375.594,76
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+11+12)	-144.042.000,48
I. Resultado (aforro o desaforro) da xestión ordinaria (A+B)	22.664.548,47
13. Deterioro valor y rdos. por enaxenación I. non financeiro e activos en estado de venda	-54.642,45
14. Outras partidas non ordinarias	1.015.124,49
II. Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)	23.625.030,51
15. Ingresos financeiros	400.005,20
16. Gastos financeiros	-185.411,82
19. Diferencias de cambio	0,00
20. Deterioro do valor, baixas e enaxenacións de activos e pasivos financeiros	-295.881,54
III. Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)	-81.288,16
IV. Resultado (aforro o desaforro) neto do exercicio (II+III)	23.543.742,35
+ Axustes na conta de resultados do exercicio anterior	
Resultado do exercicio anterior axustado (IV + Axustes)	23.543.742,35

2.1.3. Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Que informa sobre as variacións do Patrimonio da Deputación, o seu detalle figura no expediente.

2.1.4. Estado de Fluxos de Efectivo.

Que informa sobre o orixe e o destino dos movementos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes (O seu detalle figura no expediente).

2.1.5. Estado de Liquidación do Orzamento.

DESCRICIÓN	IMPORTE
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	172.546.457,44
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	154.775.706,58
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	17.770.750,86
AXUSTES	
Créditos gastados financiados con remanente de tes.	65.390.392,70
Desviacións de financiación negativas do exercicio	6.287.761,35
Desviacións de financiación positivas do exercicio	2.536.741,91
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO	86.912.163,00

O seu detalle figura no expediente.



2.1.6. Memoria.

A súa finalidade é a de complementar, ampliar e explicar a información contida en os outros documentos que integran as contas anuais. Así inclúe información máis ampla e detallada como a organización da Deputación, as bases de presentación das contas anuais, normas de recoñecemento e valoración.

Se ben a información e moito máis ampla a continuación detállase parte da información máis relevante:

Débedas con Entidades Financeiras.

O detalle desta información encontrase no expediente, a modo de resumo relaciónase por préstamo ou débeda os importes vivos ó final do exercicio e o seu ano de vencemento.

DÉBEDAS CON ENTIDADES FINANCIERAS	IMPORTE	DISPOSTO	VENCIMIENTO
(Denominación Inicial do préstamo)			
BBVA, PRESTAMO INV. 2010.	486.285,97	486.285,97	03/08/2022
BBVA, PRESTAMO INV. 2021.	20.000.000,00	0,00	31/12/2034
Sabadell, PRESTAMO INV. 2021.	5.000.000,00	0,00	31/12/2034
	25.486.285,97	486.285,97	

Das cales vencen a curto prazo, é dicir, antes do 31 de decembro de 2022, 486.285,97 €.

Ós Prestamos para investimentos concertados no ano 2021, son préstamos con apertura de crédito e con período de carencia e disposición de 3 anos. No ano 2021 non se dispuxo de ningún deles.

A carga financeira en termos relativos sitúase en o 0,28 %.

Débedas con Entidades Públicas por Liquidacións Negativas e Outros.

O seu detalle é como segue:

DÉBEDAS CON ENTIDADES PÚBLICAS	IMPORTE
PREST. M. INDUSTRIA, PROX. AVANZA ARCHIVOS	481.666,70
REINTEGRO FONDO C.FINANCIACION, 2008	3.138.254,12
REINTEGRO FONDO C.FINANCIACION, 2009	12.820.648,72
REINTEGRO I.R.P.F., EJERCICIO 2009	385.257,84
REINTEGRO CESION I.V.A., EJERCICIO 2008	784.052,17
REINTEGRO CESION I.V.A., EJERCICIO 2009	1.754.823,39
	19.364.702,94

Das cales vencen a curto prazo, é dicir, antes do 31 de decembro de 2022, 2.129.136,77 € e a longo prazo 17.235.566,17 €.



Operacións non orzamentarias de tesourería.

O detalle por conceptos e:

CONCEPTOS	IMPORTE
Debedores non orzamentarios	1.469.808,24
Acredores non orzamentarios	28.214.310,84
Partidas pendentes de aplicación. Ingresos	784.070,15
Partidas pendentes de aplicación. Gastos	808.472,58

Exercicios pechados.

Gastos:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Obrigas pendentes de pagamento iniciais	1.218.742,37
Rectificacións	2.208,00
Obrigas pagadas	1.054.405,96
Obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio	162.128,41

Ingresos:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro iniciais	13.702.913,57
Rectificacións	0,05
Dereitos anulados	141.367,78
Dereitos cancelados	118.834,08
Recadación	12.716.382,29
Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio	726.329,37

(O detalle da execución figura no expediente).

Exercicios posteriores.

Pon de manifesto os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio ou en exercicios anteriores e que serán imputables a orzamentos de exercicios futuros. (O detalle figura no expediente).

Remanente de Tesourería.

Podémolo definir como unha magnitude que indica a liquidez da Deputación, e dicir, a capacidade para facer fronte ós pagos que se teñen que facer cos recursos dispoñibles. O seu detalle é:



DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1. (+) Fondos líquidos	190.686.199,25
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	15.567.958,57
3. (-) Obrigas pendentes de pago	28.565.690,91
4. (+) Partidas pendentes de aplicación	24.402,43
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	177.712.869,34
II. Exceso de financiamento afectado	4.124.220,31
III. Saldos de dubidoso cobro	692.072,93
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	172.896.576,10

Estado de Tesourería.

O resumo de movementos de tesourería e:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Existencias iniciais	171.196.067,89
Cobros	710.732.953,60
Pagamentos	691.242.822,24
Existencias finais	190.686.199,25

Outra Información incluída na Memoria.

Organización.
 Bases de presentación das contas.
 Normas de recoñecemento e valoración.
 Inmobilizado material.
 Inversións inmobiliarias.
 Inmobilizado intanxible.
 Activos Financeiros.
 Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
 Presentación por actividades da conta do resultado económico – patrimonial.
 Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos.
 Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.
 Valores recibidos en depósito.
 Execución de proxectos de gasto.
 Gastos con financiamento afectado.
 Indicadores.
 Custos.

3. Período medio de pago.

A 31 de decembro de 2021, o período medio de pago situábase en 9,25 días, e dicir, que a Deputación paga ós seus provedores antes dos límites establecidos pola normativa.



4. Control Financeiro de Subvencións.

Tal y como se dispón no Plan de Control Financeiro de subvencións concedidas en 2018, aprobado pola Intervención Provincial, se inclúe o informe final destes traballos no que detállase as incidencias máis reseñables así como as medidas postas en marcha, reintegros, sancións o outras circunstancias, e as propostas de mellora.

O informe resumo do control financeiro en materia de subvencións foi elaborado en data 14/03/2022 (expediente cividas nº 2022006460), con dación de conta ao Pleno en sesión de 25/03/2022.

5. Outra información.

Informe resumo do control interno (artigo 37 RD 424/2017)

Segundo o disposto no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno en entidades do sector Público Local, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do RD Lexislativo 2/2004.

Dito informe será remitido ao Pleno e a IGAE no curso do primeiro cuadrimestre inmediato posterior.

Dito informe foi elaborado por esta Intervención en data 14/03/2022, con dación de conta ao Pleno o 25/03/2022 (expediente cividas nº 2022006460)

Con ocasión da rendición da Conta Xeral perante o Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, o órgano interventor remitirá anualmente todas as resolucións e acordos adoptados pola Presidencia da entidade e polo Pleno da Corporación contrarios ao reparos formulados así como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos.

Con data 10/02/2022 elaborouse pola Intervención informe resumo de resolucións/acordos contrarios a reparos e principais anomalías en materia de ingresos. Dito informe incluíuse como dación de conta na orde do día do Pleno celebrado en data 25/02/2022. (expediente cividas nº 2022006460)

Os informes e demais documentación foron incorporados e remitidos a través da Plataforma habilitada ao efecto polo Tribunal de Contas con data 18/03/2022.

Toda a documentación, o expediente e os xustificantes poden examinarse nas oficinas de Intervención.

Por todo o exposto, **propóñolle ó pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral, previos os trámites de informe da Comisión Especial de Contas**, exposición ó público e, no seu caso, un novo informe da comisión de referencia.

Asinado dixitalmente na marxe na data que se indica.

